



Concello de
NOIA

"Día das Letras Galegas - Xela

Arias"

1. Poderán participar todas as persoas do Concello de Noia que conformen un grupo de 3 a 6 persoas (como máximo).
2. Cada un dos grupos inscribirase por WhatsApp no teléfono **677.555.748** antes do **sábado 15 de maio**, empregando o formulario (VER ANEXO I) baixo un pseudónimo.

1

Non obstante, a identidade de cada membro do equipo deberá ser reflectida na solicitude de inscrición e nomearse a un/unha representante de grupo, o/a cal facilitará o seu teléfono móvil a efectos do desenvolvemento do xogo; sendo a persoa encargada de ler e aceptar as bases e recibir e enviar as pistas ao equipo de coordinación.

3. Para poder comezar a desenvolver a xincana, cada equipo deberá ter descargado no seu móvil (un por equipo) un lector de código QR e a aplicación WhatsApp.
4. A xincana levarase a cabo o día **17 de maio**, dende as **17.00h ás 20.00h**. O punto de encontro será a porta do Concello, onde dará comezo o xogo coa entrega da primeira pista.



Órbita Infantil – Plaza de Chaván nº 5 baixo, Bertamiráns 15220 AMES
Tlf.: 605.822.304 - 677.555.748
www.orbitainfantil.com – info@orbitainfantil.com



5. O xogo consistirá en encontrar os diferentes códigos QR situados en diversos lugares emblemáticos do concello. En cada localización encontrarase un códigos QR. Unha vez localizados:

- Deberá resolverse o enigma presentado.
- Sacar unha foto de grupo no lugar onde foi atopado o código.
- Enviar a foto e a resposta da proba por WhatsApp ao teléfono da organización.

Unha vez verificada a solución, a organización enviará outra pista coa seguinte localización, e así consecutivamente, sucederase a xincana ata o seu remate.

A iniciativa (que consta de 10 probas), rematará cando a organización envíe unha mensaxe de FIN DE XOGO e o lugar de recollida dos premios de participación.

6. Todas os grupos obterán un premio de participación que serán entregados o final do xogo, sempre e cando finalicen todas as probas da xincana correctamente.

2

A maiores os tres primeiros grupos en rematar a xincana recibirán un vale de 120€, 80€ e 50€ para gastar no comercio local ou na hostalaría.

7. Todos os grupos participantes comprométense a cumplir con todas as medidas hixiénico - sanitarias vixentes no momento de realización da actividade.